

MEMORIA PLAN ESTRATÉGICO DE TURISMO DA PROVINCIA DE LUGO 2017 - 2020



**1.-GOBERNANZA INTEGRAL DO DESTINO A TRAVÉS
DA REORIENTACIÓN DA XESTIÓN TURÍSTICA**

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS
NATURAIS E CULTURAIS

**3.- CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DA CARTEIRA DE
PRODUTOS TURÍSTICOS NA PROVINCIA DE LUGO**

4.- PROFESIONALIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL
TURÍSTICO A TRAVÉS DO FOMENTO DA CALIDADE
E DA INNOVACIÓN

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

6.-PLAN DE COMERCIALIZACIÓN ATENDENDO AOS
PRODUTOS TURÍSTICOS PRIORITARIOS

1.-GOBERNANZA INTEGRAL DO DESTINO A TRAVÉS DA REORIENTACIÓN DA XESTIÓN TURÍSTICA

Creación do Concello Provincial de Turismo

O Consello Provincial de Turismo é un órgano colexiado de carácter consultivo e de asesoramento que ten por obxectivo canalizar a participación social dos axentes turísticos públicos e privados do territorio no deseño e na execución consensuada da política turística local co fin de crear sinerxias e impulsar o desenvolvemento sostible e a mellora continuada do sector na provincia de Lugo.

Entre as funcións do Consello atópanse:

- Asesorar ao goberno provincial en materia turística.
- Presentar iniciativas turísticas propias e recibir, analizar e debater outras propostas que sexan presentadas á Deputación.
- Realizar o seguimento da execución dos plans de desenvolvemento turístico.
- Orientar e deseñar actuacións destinadas á mellora e desenvolvemento da oferta turística para a satisfacción e incremento da demanda.
- Emitir informes e propostas sobre temas da súa competencia.
- Constituírse como comisión de avaliación dos proxectos de desenvolvemento turístico e traballo de investigación sobre materia turística na provincia de Lugo.
- Propoñer e avaliar candidaturas aos premios provinciais de turismo.
- Analizar e valorar os datos e estatísticas do sector na provincia de Lugo.
- Presentar un informe anual das súas actuacións.
- Aquelas outras función que, dacordo coa constante evolución do sector, poidan serlle asignadas no futuro.

Se ben a composición do Consello Provincial de Turismo é aberta, nun momento inicial intentouse que estivese representada no mesmo todas as forzas, tanto políticas como sociais, representativas do sector.

O Regulamento do Consello Provincial de Turismo foi aprobada en sesión ordinaria do Pleno da Corporación con data 30 de xaneiro do 2018 e a sesión constitutiva do mesmo celebrouse o día 17 de outubro do 2018 contando, inicialmente, con 21 membros.

1.-GOBERNANZA INTEGRAL DO DESTINO A TRAVÉS DA REORIENTACIÓN DA XESTIÓN TURÍSTICA

Creación na web de turismo do “Espazo Profesional”

Dende a Deputación de Lugo habilitouse un espazo na web de Turismo denominado *Espazo Profesional*, que serve de punto de encontro entre os profesionais do sector e a administración provincial.

Ademáis de consultar as novas vinculadas co sector, os internautas poden ter información sobre os Premios Lugo Cambia ao Turismo provincial e ...e, para comer Lugo á gastronomía; sobre a Mesa do Camiño, o Consello de Turismo, O Plan Único e outros proxectos emblemáticos.

Co fin de dotar ao sector de recursos que axuden á promoción do territorio, este apartado profesional tamén dispón dunha serie de elementos telos como Apps, vídeos, folletos dixitalizados ou o acceso, de xeito gratuíto, ao Banco de Imaxes da Deputación de Lugo para o seu uso privado.

Durante o ano 2020, activouse un espazo denominado *Información Relevante Covid – 19*, onde se intentou aglutinar nun mesmo lugar toda a información que podía ser considerada de relevancia para o sector sobre a pandemia do Coronavirus: lexislación, medidas para previr o contaxio, recursos postos a disposición por parte da Deputación de Lugo, plans de reactivación do sector, recursos formativos e de promoción, manuais de prevención de riscos ou informes sobre os sector.

1.-GOBERNANZA INTEGRAL DO DESTINO A TRAVÉS DA REORIENTACIÓN DA XESTIÓN TURÍSTICA

Elaboración dun informe anual das actuacións levadas a cabo pola Deputación de Lugo no eido do Turismo

Outro elemento clave da gobernanza é a transparencia nas accións levadas a cabo, é por iso que dende a constitución do Consello Provincial de Turismo, presentouse ante este organismo, de xeito anual, un informe detallando as actividades levadas a cabo pola Deputación de Lugo no ámbito do turismo.

1.-GOBERNANZA INTEGRAL DO DESTINO A TRAVÉS DA REORIENTACIÓN DA XESTIÓN TURÍSTICA

Creación e participación en foros sobre innovación no turismo.

A Deputación de Lugo, ao longo do período 2017 – 2020, participou e colaborou na organización de diferentes eventos vinculados á innovación turística e intercambio de experiencia, entre os que destaca:

a. Colaboración na organización do Congreso Nacional de Turismo Experiencial celebrado en Lugo entre os días 16 e 18 de setembro do 2020. Este evento foi un punto de encontro no que participaron máis de 50 relatores, personalidades e profesionais de referencia. Nas intervencións e mesas redondas, ademais dos workshops, serviu para que os asistentes achegásemos ao turismo experiencial e as diferentes posibilidades como motor para o enriquecemento cultural e económico local.

Este congreso, completouse coa celebración durante a fin de semana do 18 e o 19 de agosto onde se celebrou o evento “LugoExperience”, que incluíu actividades culturais, gastronómicas, medioambientais e de aventura.

b. I Seminario de intercambio de experiencias no ámbito do turismo. Organizado polo Eixo Atlántico e no que colaborou a Deputación de Lugo.

Tivo lugar en Monforte de Lemos o día 22 de novembro do 2017 e durante o mesmo analizáronse as consecuencias da sobre-explotación do turismo, as estratexias internacionais do Eixo Atlántico no ámbito do turismo ou as experiencias innovadoras das cidades do Eixo Atlántico.

c. Foro “Abrindo as portas: o rexurdir do turismo” celebrado de xeito telemático ao longo de xuño do 2020 dentro da campaña EN LUGO SI.

Este foro creou ao longo de catro sesións un espazo de intercambio de información, análise e debate de opinión e tamén de escoita das necesidades do sector turístico e das súas perspectivas sobre a reactivación turística da provincia. Con isto, pretendeuse facilitar a adaptación con garantías a todo o que esixe a nova normalidade na actividade hostaleira e turística e compartir a visión dos retos e oportunidades ocasionados

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS NATURAIS E CULTURAIS

Máis de 440.000 € en axudas para celebrar eventos gastronómicos

Ao longo do período 2017-2020, a Deputación de Lugo colaborou con diferentes asociación e institucións na organización de diversos eventos relacionados coa gastronomía.

Este apoio realizouse a través de diferentes subvencións directas (nominativas e excepcionais) e tamén de axudas contempladas no Plan Único de Cooperación cos concellos.

BENEFICIARIO	EVENTO	ANO
I.E.S. DE FOZ	CONCURSO INTERNACIONAL DE BARISTAS	2017
CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DA PONTENOVA	FESTA DA TROITA	2017
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO	PROMOCIÓN TURÍSTICA E GASTRONÓMICA DE LUGO E CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN ENOTURISMO	2017
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ACTUACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES MICOTURÍSTICAS NO XEODESTINO ANCARES – COUREL	2017
C.I.T. CLUB FLUVIAL DE BEGONTE	FESTA DA EMPANADA	2017
CONCELLO DE LOURENZÁ	FESTA DA FABA	2017
I.E.S. DE FOZ	CONCURSO INTERNACIONAL DE BARISTAS	2018
CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DA PONTENOVA	FESTA DA TROITA	2018
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E	PROMOCIÓN TURÍSTICA E GASTRONÓMICA DE LUGO	2018

TURISMO DE LUGO	E CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN ENOTURISMO	
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ACTUACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES MICOTURÍSTICAS NO XEODESTINO ANCARES – COUREL	2018
C.I.T. CLUB FLUVIAL DE BEGONTE	FESTA DA EMPANADA	2018
ASOCIACIÓN DE PRODUTORES DO PEMENTO DE MOUGÁN	FESTA DO PEMENTO DE MOUGÁN	2018
CONCELLO DE BURELA	FEIRA DO BONITO	2018
CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL	FESTA CASTAÑA / CANTARELA	2018
CONCELLO DE FOZ	FESTA DO BERBERECHO	2018
CONCELLO DE LOURENZÁ	FESTA DA FABA	2018
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO	FEIRA DO QUEIXO DO CEBREIRO	2018
CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DA PONTENOVA	FESTA DA TROITA	2019
I.E.S. DE FOZ	CONCURSO INTERNACIONAL DE BARISTAS	2019
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO	PROMOCIÓN TURÍSTICA E GASTRONÓMICA DE LUGO E CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN ENOTURISMO	2019
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ACTUACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES MICOTURÍSTICAS NO XEODESTINO ANCARES – COUREL	2019
C.I.T. CLUB FLUVIAL DE BEGONTE	FESTA DA EMPANADA	2019
ASOCIACIÓN DE PRODUTORES DO PEMENTO DE MOUGÁN	FESTA DO PEMENTO DE MOUGÁN	2019
CONCELLO DE BURELA	FEIRA DO BONITO	2019
CONCELLO DE FOZ	FESTA DO BERBERECHO	2019
CONCELLO DE LOURENZÁ	FESTA DA FABA	2019
I.E.S. DE FOZ	CONCURSO INTERNACIONAL DE BARISTAS	2020
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO	PROMOCIÓN TURÍSTICA E GASTRONÓMICA DE LUGO E CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN ENOTURISMO	2020

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS NATURAIS E CULTURAIS

Creación dos premios provinciais de Gastronomía

Con data 03 de xullo do ano 2020, e despois dun debate previo no seo do Consello Provincial de Turismo, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases para os premios "...e para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" que se entregaron nunha gala celebrada o día 27 de setembro no Pazo Provincial.

Os galardoados na primeira edición foron o Restaurantes Cantábrico da Fonsagrada e a aplicación Xantarda.

O obxectivo destes premios non é outro que recoñecer o esforzo dos axentes implicados no desenvolvemento dun sector estratéxico para a economía e a sociedade da provincia.

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS NATURAIS E CULTURAIS

Promoción das marcas gastronómicas da provincia

Outro referente gastronómico provincial de primeiro orde son as diferentes marcas de calidade existentes, a Deputación de Lugo, sendo consciente desta importancia, levou a cabo unha serie de accións co fin de promocionalas.

a.-Dende a páxina web de Turismo existe unha sección adicada en exclusiva aos produtos gastronómicos de provincia de Lugo con denominación de orixe.

b.- A web de turismo da Deputación de Lugo conta, ademáis, con un espazo para a promoción dos produtos con Indicación Xeográfica Protexida

c.- Dende a páxina de Turismo da Deputación de Lugo, tamén se publicou un apartado adicado as razas autóctonas da provincia, onde se fai mención especial e achégase información da Galiña de Mos e o Porco Celta.

Promoción das rutas gastronómicas da provincia

Elaborouse un apartado na web, na sección de Turismo enogastronómico, onde se inclúe un espazo adicado as Rutas gastronómicas da provincia de Lugo co fin de poñer en valor tres rutas significativas que se desenvolven na nosa provincia.

a.- A ruta do Viño da Ribeira Sacra

b.- A ruta da Faba de Lourenzá

c.- Ruta do Queixo de do Mel

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS NATURAIS E CULTURAIS

Creación dunha Axenda de Eventos Provincial

O Servizo de Turismo da Deputación de Lugo puxo en marcha dende a súa web unha axenda virtual que pretende servir como portal único de información para toda actividade cultural e turística que se desenvolva na provincia de Lugo, realizada ou non polo organismo provincial.

Máis de 160.000 € para revalorización das tradicións locais

Elementos clave no ámbito do turismo cultural son as tradicións locais. Por iso, a Deputación de Lugo concedeu axudas directas para a celebración de diversas actuacións que tiveron como fin a recuperación e revalorización das mesmas

Impulso na promoción do patrimonio xeolóxico.

A Deputación de Lugo colaborou con diferentes asociacións e administracións locais co fin de potenciar o patrimonio xeolóxico nos territorios de referencia a través de:

- a.- Subvención ao concello de Burela, a través do Plan Único, para a creación e divulgación da xeorutas polo seu territorio.
- b.- Subvención ao concello do Vicedo, a través do Plan Único, para a realización de xeorutas polo seu territorio.

2.-POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS NATURAIS E CULTURAIS

Creación dos premios Lugo Cambia...ao turismo

Con data 03 de xullo do ano 2020, e despois dun debate previo no seo do Consello Provincial de Turismo, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases para os premios “Lugo Cambia ao turismo lucense” que se entregaron nunha gala celebrada o día 27 de setembro no Pazo Provincial.

Os galardoados na primeira edición foron o concello do Vicedo, a fundación Uxío Novoneyra e a asociación de desenvolvemento rural Serra do Caurel.

O obxectivo destes premios non é outro que recoñecer aos diferentes axentes o impulso en diferentes iniciativas turísticas.

Organización de xornadas divulgativas

A Deputación de Lugo apostou por esta vía para promocionar e revitalizar o territorio. Entre as accións podemos mencionar:

a.- As Xornadas de Turismo Científico tiveron lugar no 2019 na estación de científica do Courel en Seoane do Courel. Esta actuación, estaba encamiñada a dinamizar a contorna local e promover o espírito emprendedor das persoas participantes potenciando a súa creatividade e aproximando conceptos vinculados ao deseño de novos modelos de negocio no ámbito do Turismo Científico.

3.- CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DA CARTEIRA DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA PROVINCIA DE LUGO

Promoción do agroturismo a través de xornadas

Entre o 18 e o 19 de decembro do 2018 celebráronse as Primeiras xornadas de turismo agroalimentario e desenvolvemento local, organizadas polo Servizo de Turismo da Deputación de Lugo.

Este evento, foi un punto de encontro entre profesionais e particulares interesados en coñecer as oportunidades que ofrece o turismo agroalimentario como motor económico do rural da provincia.

Os 15 expertos cos que contou estas xornadas puxeron en valor as novas oportunidades que brinda o agroturismo, así como as claves para a creación de novos produtos turísticos de enoturismo.

Este evento supuxo un punto de inflexión para coñecer as posibilidades e o potencial turístico da provincia de Lugo neste campo ademáis de favorecer o intercambio de ideas co fin de xerar sinerxias entre os participantes.

Posta en valor da Vía Rexia do Norte.

-Vía Rexia do Norte.

- A Deputación participou en reunións dos concellos polos que transcorre a Vía Rexia do Norte, co fin de impulsar a súa mellora e traballar para que sexa recoñecida a súa oficialidade como ruta xacobeá

3.- CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DA CARTEIRA DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA PROVINCIA DE LUGO

Formación no campo do enoturismo

O enoturismo é un dos elementos máis característicos da Ribeira Sacra e é por iso que a Deputación de Lugo subvencionou a Asociación Provincial de Empresarios de Turismo e Hostelería de Lugo no período 2017-2020 para a realización de formación neste campo

Apoio na celebración de grandes eventos

Os grandes eventos son un dos principais reclamos turísticos da provincia; por este motivo o Servizo de Turismo achegou preto de 15.000 € para a organización online do Resurrection Fest do 2020.

3.- CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DA CARTEIRA DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA PROVINCIA DE LUGO

Aposta polo turismo Científico en Ancares - Courel

Dende o 01 de marzo do 2019, as Montañas dos Ancares e o Courel recibiron a acreditación como Destino de Turismo Científico outorgada por Observer Science Tourism e que avala o potencial deste territorio como reserva científica.

O territorio que comprende as Montañas de Ancares e o Courel engloba espazos naturais con distintos grados de protección medioambiental e que deben combinar de maneira eficiente a actividade turística coa protección dos seus valores naturais e culturais.

O obxectivo non é outro que protexer e conservar a biodiversidade, ao tempo que se fomentan actividades económicas e turísticas.

4.- PROFESIONALIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL TURÍSTICO A TRAVÉS DO FOMENTO DA CALIDADE E DA INNOVACIÓN

Realización de actividades formativas

Dende a Deputación de Lugo executáronse unha serie de accións formativas destinadas aos profesionais do turismo, entre as que se poden destacar:

a.- A Deputación de Lugo subvencionou a Asociación Provincial de Empresarios de Turismo e Hostelería de Lugo no período 2017-2020 para a realización de formación no campo do enoturismo.

b.- Dentro das accións derivadas da crise provocada pola Covid 19, organizouse un curso formativo de 20 horas sobre medidas de prevención hixiénico-sanitaria dirixido a profesionais da hostalería e do comercio, poñéndose a disposición un total de 300 prazas.

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

Creación da web provincial de Turismo

Coa renovación integral da web da Deputación de Lugo no ano 2018, albergouse un espazo propio deseñado para a promoción turística da provincia (turismo.deputacionlugo.gal) dispoñible tanto en galego coma en castelán.

O obxectivo desta nova páxina é a de aglutinar nunha mesma web e de xeito intuitivo, toda a información que poidan precisar os visitantes e turistas que queiran achegarse ata a provincia de Lugo, así como a información institucional para profesionais e administrados

Elaboración dun plan de comunicación de RRSS

A Área de Turismo, deseñouse un plan de comunicación para as redes sociais co fin de:

- Impulsar o crecemento e a transformación do sector turístico da provincia de Lugo cun modelo máis competitivo, innovador e no que se incentive a participación.
- Visibilizar o traballo da Área de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo a través das diferentes accións turísticas e culturais.
- Achegar a provincia de Lugo á poboación e xerar a necesidade de visitala nos usuarios das redes.

Para acadar estes obxectivos, potenciouse a presenza da área de Turismo nas principais redes sociais: Facebook, Twitter, Instagram, Youtube e TikTok co fin e chegar a un maior número de público potencial e posicionar a imaxe da provincia como destino turístico.

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

Creación de apps turísticas

Outros elementos que se querían promocionar son a creación de aplicacións para o teléfono móbil que teñen como obxectivo ser unha ferramenta máis para a divulgación turística do territorio:

-Lugo Cambia 360

Entre as App para dispositivos portátiles que se impulsaron dende o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo, podemos destacar a denominada Lugo Cambia 360 que permite ao usuario visitar de xeito virtual e a través dunha experiencia inmersiva, unha colección dos principais recursos turísticos da provincia.

-Inventrip

A través desta web e da app, os visitantes da provincia de Lugo poden consultar información sobre preto de 2.800 recursos turísticos do territorio, entre os que se atopan elementos do patrimonio arquitectónico, natural, festas de interese turísticos, aloxamentos e servizos de restauración.

-Colaboración coa App Turisgalicia para a promoción dos recursos e servizos da Mariña Lucense. Esta App foi presentada coincidindo coa reapertura da Mariña Lucense tralo peche perimetral motivado pola pandemia da Covid 19.

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

Organización de Fam Trips

Un dos elementos clave para a promoción Offline posta en relevancia no PET 2017 – 2020 foi a realización de Fam Trip entre profesionais. Neste senso, a Deputación de Lugo organizou dous ao longo do período de vixencia do plan:

Ano 2017: Termatalia

Dentro da celebración da Feira Internacional de Turismo Termal de Ourense – Termatalia 2017, realizouse un Fam Trip cunha serie de touroperadores españois e do norte de Portugal, aos cales fíxoselles un percorrido en catamarán dende o embarcadoro de Ponte do Sil en Monforte de Lemos e, posteriormente, se lles convidou a unha visita ao mosteiro de Ferreira de Pantón, a adegas da zona e as instalacións dun dos hoteis balnearios da provincia.

Esta actuación quixo poñer en valor a contorna e a beleza natural e paisaxística da Ribeira Sacra, así como a riqueza dos viños do territorio.

Ano 2019: Fairway

No ano 2019 organizouse, por parte da Deputación de Lugo e dentro das actividades do FairWay 2019 (Feira Especializada no Camiño de Santiago), un Fam Trip polo Camiño do Norte no cal participaron 16 xornalistas e expertos en viaxes cuxo fin foi dar a coñecer e promocionar esta ruta xacobeá.

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

Patrocinio “Lugo Cambia” a equipos deportivos

A Deputación de Lugo tamén patrocinou outra serie de eventos deportivos co fin de promocionar o territorio como destino turístico. Entre os máis salientables, podemos falar de:

- A Heroica. Gran Premio Turismo, Deputación de Lugo, campionato de natación no río organizado polo Club Natación Portamiñá e para o que se achegaron un total de 41.000,00 € no período 2017-2020.
- Trofeo Vila de Portomarín, campionato de velas no río, organizado polo C.N. Xacobeo Vila de Portomarín ao cal se fixo unha achega de 9.000,00 € no período 2017-2020.
- Rally Turístico Terras do Incio, trátase dun rally de vehículos clásicos organizado pola Asociación de Amigos do Incio, á cal fíxose unha achega de 12.000,00 € para o período 2017-2020.
- Patrocinio do Club Monforte Team para a participación do Rally Dakar 2020, por un importe de 10.000 €.

5.- PLAN DE PROMOCIÓN ATENDENDO Á DEMANDA

Asistencia a feiras especializadas

Dentro da promoción Offline, a asistencia a feiras relevantes, tanto dentro como fóra da comunidade galega, foi un dos obxectivos marcados dentro do PET 2017-2020.

A presenza nestes diferentes eventos tivo como fin presentar as diferentes novidades impulsadas no eido do turismo por parte da Deputación de Lugo, así como achegarse ata os mercados considerados potenciais de turismo emisor.

As feiras nas que se tivo presenza foron: Fitur, Xantar, Fairway, Expocidades, Termatalia ou Expovaciaciones,

Elaboración de material divulgativo

Apostouse polo uso de material divulgativo e é por isto que dende a Deputación Provincial de Lugo promoveuse o deseño e a publicación de folletos turísticos sobre os catro xeodestinos (Ancares – Courel, Ribeira Sacra, A Mariña Lucense e Lugo – Terra Chá) e outro centrado en “Sabores de Lugo”, sobre o potencial gastronómico da nosa provincia.

O Servizo de Turismo tamén editou un mapa turístico da provincia co fin de publicitar os recursos do territorio e ser de utilidade para a planificación de viaxes pola rexión.

Finalmente, e co fin de promocionar as rutas fluviais, éditanse periodicamente trípticos informativos sobre os servizo de catamaráns co fin distribuílo nos diferentes puntos de información para facérllelo chegar aos potenciais visitantes.

Sinalar que todo os folletos, mapas e trípticos están dixitalizados e a disposición do visitantes na web de turismo da Deputación de Lugo.

6.- PLAN DE COMERCIALIZACIÓN ATENDENDO AOS PRODUTOS TURÍSTICOS PRIORITARIOS

Adhesión a marcas nacionais e internacionais

A Deputación de Lugo forma parte activa das seguintes marcas:

- Red de Vilas Termales
- Red de Destinos Turísticos Inteligentes
- Red de Ciudades y Territorios Creativos de España.
- Eixo Atlántico
- Transrománica
- Acevín